

Cédula do 6 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica a proposta de resolución do instrutor do procedemento sancionador PO 19/2006, por infracción en materia de comercio.

Con data do 16 de xaneiro de 2007, o instrutor do procedemento ditou proposta de resolución do procedemento sancionador nº PO.19/2006, incoado pola delegación da Consellería de Innovación e Industria de Pontevedra, contra Mª Isabel Sánchez Fernández, titular do establecemento Moga.

Intentada a notificación da proposta, de conformidade co disposto no artigo 59.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e non sendo posible a súa práctica, por medio desta cédula, e segundo o disposto no artigo 59.5º da referida lei, notifícase á interesada o contido da devandita proposta, que figura como anexo, para que poida ter coñecemento dela.

Advérteselle á interesada que, en cumprimento do artigo 19.1º do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, concédese un prazo de 15 días, desde o seguinte ao da publicación desta cédula, para formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que considere pertinentes perante o instrutor do procedemento, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente depositado nas dependencias desta delegación provincial, sita na praza da Estrela s/n, de Vigo.

Vigo, 6 de febreiro de 2007.

Montserrat Prado Coreas
Delegada provincial de Pontevedra

ANEXO

Expediente: PO 19/2006.

Interesada: Mª Isabel Sánchez Fernández (DNI 34975860-Y).

Enderzo: Urzáiz, 87, Vigo.

Feitos imputados: unha infracción leve, en materia de comercio.

Preceptos infrinxidos: artigos 24 e 25 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio retalista, artigo 14 da Lei 10/1998, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, e Orde do 25 de novembro de 1996, da Consellería de Industria e Comercio.

Sanción proposta: unha multa de 1.000 euros (mil).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Resolución do 9 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador INC-PO-0338/2006-V.

De conformidade co disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico

das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notifícase á persoa que no anexo se menciona a resolución ditada no expediente o 1 de febreiro de 2007, por infracción en materia de incendios forestais, ao non ser posible a súa notificación a través do servizo de correos.

Para os efectos previstos no artigo 21 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, o denunciado, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, poderá interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro do Medio Rural, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Pontevedra, 9 de febreiro de 2007.

Gonzalo Constela Bergueiro
Delegado provincial de Pontevedra

ANEXO

Expediente: INC-PO-0338/2006-V.

Denunciado: Carlos Ogando Silva.

Último enderezo coñecido: rúa do Cruceiro nº 2-2º, Lalín.

Feito denunciado: abandono de vehículo en masa forestal.

Preceptos infrinxidos: incumprimento do artigo 67 n) da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes. Precepto sancionador: artigo 74 a) da citada Lei 43/2003.

Sanción: 100 euros.

Edicto do 26 de xaneiro de 2007, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se resolve o expediente de clasificación do monte coa denominación de Ceibo de Verín e Ceibiño, por solicitude dos veciños das parroquias de Banga e Cabanelas, concello do Carballiño (Ourense).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 8 de novembro de 2006, adoptou a seguinte resolución:

Visto o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Ceibo de Verín

e Ceibiño, tramitado por solicitude dos veciños das parroquias de Banga e Cabanelas, resultan os seguintes:

Feitos:

Primeiro.-Con data do 3 de outubro de 1996, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte O Ceibo de Verín e Ceibiño a favor dos veciños das parroquias de Banga e Cabanelas, no concello do Carballiño, designando instrutor do procedemento e ordenando realizar as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo o período dun mes para a práctica de alegacións.

Segundo.-Con posterioridade, na sesión do xurado provincial do 4 de novembro de 1997 os representantes das comunidades veciñais solicitantes manifestan que o monte Ceibiño pertence unicamente aos veciños da parroquia de Cabanelas, acordando aquel suspender o procedemento clasificatorio do devandito monte.

Terceiro.-Con data do 6 de xullo de 2005 ten entrada no rexistro da delegación provincial da consellería de Medio Ambiente escrito de varios veciños das parroquias de Banga e Cabanelas en que solicitan a clasificación como veciñal en man común do monte de Verín; e con data 20 de febreiro de 2006 as persoas solicitantes manifestan que o monte de Verín é o mesmo que o denominado Ceibo de Verín, polo que solicitan a continuación do procedemento, ratificándose no xa expresado de que o monte Ceibiño pertence en exclusiva aos veciños de Cabanelas.

Cuarto.-Ao constatar o xurado provincial na reunión do 8 de novembro de 2006 que o monte Ceibiño non reúne os requisitos necesarios para a súa identificación, acorda requirir os promotores para que presenten plano topográfico, estremas e superficie del, concedéndolle un prazo de quince días para iso, sen que teñan realizado achega ningunha, polo que non procede a súa clasificación.

Quinto.-O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación que consta no expediente, descríbese así:

Concello: O Carballiño.

Denominación do monte: Ceibo de Verín.

Comunidade veciñal solicitante: veciños das parroquias de Banga e Cabanelas.

Superficie: 11,5 ha, aproximadamente.

Estremas:

Norte: leiras de Miguel Borrajo, Josefa Abad e outros e estrada do Carballiño a Leiro.

Sur: leiras de Ovidio García e outros; herdeiros de Aurelio Filgueira e outros; José Blanco e Eugenio Otero.

Leste: leiras de Ramón Vázquez; Socorro Abad; Rafael Pagan e Manuel Ojeda.

Oeste: leiras de Martina Alemparte e outros; Maruja Taboada; Elier Sobrado; Severino González Farinás; José Soto e outros; Enrique Alemparte e outros; Evaristo Freijedo e outros; Elvira López; Manuel Ojeda e outros; Miguel Borrajo e outros; Florindo Alemparte; Higinio Martínez e Argimiro Carreiro e outros.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.-O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.-De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polo membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro.-É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa; correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña desfrutando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto.-O carácter de monte veciñal en man común acreditouse mediante as testemuñas dos veciños solicitantes e as actuacións realizadas polo servizo de Montes e Industrias Forestais, sen que durante a tramitación do procedemento se tivese producido reclamación ningunha de titularidade distinta.

En consecuencia co que antecede, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 562/2003, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros

RESOLVE:

Primeiro.-Clasificar como monte veciñal en man común a favor dos veciños das parroquias de Banga

e Cabanelas, no concello do Carballiño, o monte Ceibo de Verín coa descrición reflectida no feito quinto.

Segundo.-Non clasificar como veciñal en man común o monte Ceibiño, por non reunir os requisitos necesarios para a súa identificación e inmatriculación no Rexistro da Propiedade.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da Lei 13/1989 (citada), nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 26 de xaneiro de 2007.

Xosé Rodríguez Cid

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Cédula do 23 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se notifica o acordo de inicio do expediente sancionador 2007017, por infraccións en materia sanitaria.

Con data do 31 de xaneiro de 2007, a delegada provincial da Consellería de Sanidade ditou acordo de inicio do expediente sancionador nº 2007017 incoado na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Coruña a Óscar José Vázquez Novo.

Intentada a notificación deste acordo, segundo o disposto no artigo 59.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica; por medio desta cédula e ao abeiro do disposto no número 5 do devandito artigo, notifícase a Óscar José Vázquez Novo o contido do dito acordo de inicio que figura como anexo para que poida ter coñecemento del.

Así mesmo, fáiselle saber o dereito que lle asiste, ao abeiro do disposto no número 1 do artigo 16 do Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, para presentar alegacións ante a delegación provincial no prazo de 15 días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta

cédula, lembrándolle o seu dereito a consultar o expediente, depositado nas dependencias da delegación, sita na rúa Gregorio Hernández, 2-4, A Coruña e obter, se é o caso, copia do expediente, segundo o previsto na letra a) do artigo 35 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Aperecheselle de que, no caso de non efectuar alegacións sobre o contido do dito acordo no citado prazo, a iniciación poderá ser considerada proposta de resolución cando conteña un pronunciamento preciso acerca da responsabilidade imputada, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do devandito regulamento.

Esta cédula expídese para que conste e lle sirva de notificación ao/a interesado/a, en cumprimento do disposto no artigo 59.5º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A Coruña, 23 de febreiro de 2007.

Mª Ausencia Tomé Martínez de Rituerto
Delegada provincial da Coruña

ANEXO

Nº expediente: 2007017.

Interesado: Óscar José Vázquez Novo.

DNI/NIF/CIF: 53161488-R.

Derradeiro enderezo coñecido: Pasco das Pontes, 9 baixo. A Coruña.

Feito/s imputado/s: infracción á lexislación aplicable en materia sanitaria.

Artigo/s infrinxido/s: art. 35.b.4) da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e 145 e) da Lei 7/2003, do 9 de decembro, de ordenación sanitaria de Galicia. Arts. 2.3º.4 do Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, sobre infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria.


Tipificación provisional: grave.

Sanción proposta: 3.006 euros (tres mil seis euros).

Cédula do 23 de febreiro de 2007, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se notifica a resolución do expediente sancionador 2006435, por infraccións en materia sanitaria.

O 24 de xaneiro de 2007, a delegada provincial da Consellería de Sanidade da Coruña ditou a resolución do expediente sancionador nº 2006435 incoado na Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Coruña a Óscar Productos Cárnicos, S.L.-Churrascos a Reventar.

Intentada a notificación da resolución segundo o disposto no artigo 59.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e non sendo posible a súa práctica; por medio desta cédula e ao abeiro do disposto no número 5 do devandito artigo, notifícase a Óscar Productos Cárni-



Relación de extremeiros

NORTE

N-1: Miguel Borrajo e outros.
N-2: Josefa Abad e outros.

ESTE

E-1: Ramón Vázquez.
E-2: Socorro Abad.
E-3: Rafael Pagán.
E-4: Manuel Ojea.

SUR

S-1: Ovidio García e outros.
S-2: Hdos. Aurelio Filgueira.
S-3: José Blanco.
S-4: Eugenio Otero.

OESTE

O-1: Martina Alemparte e outros.
O-2: José Soto e outros.
O-3: Manuel Ojea e outros.
O-4: Miguel Borrajo e outros.
O-5: Argimiro Carreiro e outros.

Superficie: 115.671,04 m².
Perímetro: 2.002,45 m.

Nome de vértice	Coordenada X	Coordenada Y
P1	572.457,4635	4694.936,5801
P2	572.453,9493	4.694.941,1302
P3	572.414,1583	4.694.910,5202
P4	572.392,1044	4.694.939,2845
P5	572.365,6915	4.694.920,8001
P6	572.372,9379	4.694.899,8353
P7	572.342,5019	4.694.895,2372
CA1	572.350,9884	4.694.844,7607
CA2	572.332,5179	4.694.828,5229
P8	572.208,4163	4.694.791,5386
P9	572.193,0714	4.694.777,5758
P10	572.185,4028	4.694.761,3720
P11	572.181,2169	4.694.694,5008
P12	572.094,0915	4.694.683,5963
P13	572.137,7452	4.694.638,4136
P14	572.153,6208	4.694.599,6456
P15	572.125,8908	4.694.537,0475
P16	572.116,9855	4.694.528,3603
P17	572.169,9099	4.694.457,6056
P18	572.270,1888	4.694.500,9748
P19	572.305,4092	4.694.399,1340
P20	572.270,5440	4.694.379,2438
P21	572.264,9963	4.694.369,9929
P22	572.368,5069	4.694.294,6352
P23	572.384,7435	4.694.291,4769
P24	572.439,0962	4.694.302,0119
P25	572.432,9917	4.694.334,3787
P26	572.442,4166	4.694.371,3527
P27	572.435,3034	4.694.388,4697
P28	572.431,2244	4.694.521,4180
P29	572.421,3143	4.694.608,0508
P30	572.384,9948	4.694.620,6511
P31	572.387,5535	4.694.797,8649

—	Camións e estradas
—	Límite da parcela
• X	Vértices xeorreferenciados
O-X	Clave dos extremeiros



SOLICITUDE DE CLASIFICACIÓN DO "MONTE DE VERÍN", COM MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN, A FAVOR DOS VECIÑOS DA PARROQUIAS DE BANGA E CABANELAS, NO CONCELLO DE CARBALLIÑO. (OURENSE)

TÍTULO: Plano dos límites e extremeiros da parcela.		
DATA: XUÑO 2005	ESCALA: 1:5.000	Nº: 3

FIRMA:

PABLO GESTEIRA GONZÁLEZ
ENXENEIRO TÉCNICO FORESTA
Colexión nº 601